

INSTRUCCIÓN XERAIS DO CAMPAMENTO DE VERÁN 2023

Lugar de desenvolvemento do campamento.

- Os luns, martes, xoves e venres o campamento desenvolverase no CEIP de San Cosme.
- Os mércores o campamento desenvolverase no Centro Sociocultural de San Cosme.

Entradas e saídas

- A entrega e recollida dos nenos e nenas será na porta de acceso ao CEIP de San Cosme, agás os mércores que será na porta de acceso ao Centro Sociocultural de San Cosme.
- Deberanse facer coa maior puntualidade posible pola porta correspondente ao grupo que pertenza o neno ou nena, no caso de ter dous accesos indicados na instalación.
- Para a saída, proxenitores e persoas autorizadas virán provistas do DNI en man que terán que amosar ao monitor/ra correspondente, senón non se poderá facer entrega do neno/a.
- En casos excepcionais, onde sexa necesario que a **recollida a faga unha persoa que NON fose autorizada na inscrición, deberase achegar no momento da recollida a AUTORIZACION adxunta** debidamente cuberta e firmada por un dos proxenitores do neno/a, dita persoa terá que amosar ao monitor/a correspondente o seu DNI.
- As saídas programadas que precisen desprazamento en termo municipal serán comunicadas con antelación. Serán as familias quen acheguen e recollan aos nenos/as no punto de encontro previamente informado.

Comunicacións entre a organización e as familias.

- O teléfono de contacto da persoa coordinadora do campamento é o 680.913.904. Nel atenderanse de luns a venres calquera dúbida ou consulta.
- A organización do campamento comunicarase coas familias a través das listas de difusión de Whatsapp. Para poder recibir as mensaxes será preciso que se garde na axenda de contacto o número de teléfono da coordinación do campamento.
- Será incluído na lista de difusión o número de contacto do/a representante que figura na folla de inscrición.

Indumentaria

- Recomendase que diariamente o/a participante traian unha mochila, rotulado o seu nome e apelidos, cos seguintes útiles persoais de utilización individual: *Unha gorra, unha muda (de ser o caso por idade) e para os maiores unha camiseta de reposto por se nalgunha actividade de auga precisasen mudarse, crema solar (preferiblemente traela posta da casa.*

Almorzos

- Para o petisco de media mañá, cada neno/a deberá traer da casa merenda e unha botella de auga.

Comportamento

- Calquera tipo de comportamento violento, tanto físico como psíquico, ou calquera situación que se dera no día a día do campamento por parte dalgún neno/a, e sempre que inflúa negativamente no adecuado desenvolvemento do Campamento, suporá o estudo por parte da coordinación e equipo de monitorado, tomando as medidas oportunas para actuar en consecuencia.